



## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



MARTIN AMIS  
**A viúva preñada**  
*Historia interior*  
Tradución de Eva Almazán  
Colección LITERARIA  
EDITORIAL GALAXIA 2010, 504 páxinas  
P. V. P. 23 € IVE incluído

978-84-9865-324-3



## A REVOLUCIÓN SEXUAL

**P**ublicase, traducida para o galego, a nova novela do escritor inglés Martin Amis. Co título de *A viúva preñada*, a novela desenvólvese na actualidade e remóntase á revolución sexual que comezou a fins da década de 1960. Esta é a segunda das obras de Amis que se publica en galego, pois *A casa dos encontros*, a súa novela anterior, tamén foi editada na Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, que Editorial Galaxia tira do prelo coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago.

Martin Amis sitúa o comezo da súa novela nun castelo de Italia, durante o caloroso verán de 1970. Media ducia de mozos aboian nun mar de cambios, apreixados no **interior da historia da revolución sexual**. As mozas compórtanse coma se fosen mozos, os mozos seguen a comportarse coma o que son e Keith Nearing —vinte anos, estudante de literatura empantanado na novela inglesa— tenta manipular o feminismo e o ascenso da muller en beneficio dos seus propios intereses.

Que a revolución sexual fose unha revolución de veludo (como mínimo en dous sentidos) non significa que fose incruenta, e hoxe, décadas despois, en pleno século XXI, Keith ten que ter as consecuencias. *A viúva preñada* é unha comedia costumista e simultaneamente un pesadelo; brillante, obsesivo e deliciosamente subido de ton, velaquí Martin Amis na súa faceta máis **arriscada e destemida**.

**M**ARTIN AMIS (Swansea, Sur de Gales, 1949) é autor de dez novelas, entre elas *Money* (1984), *The Information* (1995) e *Yellow Dogs* (2004). Dos seus libros, cómpre salientar tamén a autobiografía *Experience* (2002) e a crónica *Koba the Dread* (2002). No ano 2006, Editorial Galaxia publicou a tradución galega da súa novela *A casa dos encontros*.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com